

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
BUEU

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA DO XXI PREMIO JOHAN CARBALLEIRA DE XORNALISMO

BASES REGULADORAS DO XXI PREMIO DE XORNALISMO JOHAN CARBALLEIRA

Co ánimo de contribuír e fomentar o xornalismo en galego, o Concello de Bueu impulsa o XXI Premio de Xornalismo Johan Carballeira, que ten tamén por obxectivo homenaxear e dar a coñecer a figura do bueués Johan Carballeira.

1. OBXECTO, CONDICIÓNS E FINALIDADE

- O obxectivo das presentes bases é regular as condicións do XXI Premio de Xornalismo Johan Carballeira.

- O certame está aberto a traballos de temática libre pertencentes a calquera xénero xornalístico, publicados con firma ou pseudónimo entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023. Poderán concorrer a el tódalas persoas físicas maiores de idade que presenten os seus traballos, os cales deberán ter sido publicados en medios impresos ou dixitais, escritos en lingua galega.

2. ORZAMENTO DISPOÑIBLE

- O premio terá unha dotación única de 1.500 €, comprometéndose a imputación desta cantidade ao orzamento xeral do Concello de Bueu para o exercicio 2024 e a acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente con cargo á partida 334.48100 ("Promoción Cultural. Premios e Becas"). A dotación do premio estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión. O premio, que é único e indivisible, poderá declararse deserto.

3. CONCORRENCIA COMPETITIVA

- Os premios inherentes a este concurso concederanse en réxime de concorrencia competitiva, previo estudo e valoración por parte do xurado.



Venres, 22 de setembro de 2023
Núm. 184

4. CRITERIOS DE VALORACIÓN

- O xurado valorará positivamente aqueles traballos enmarcados nos xéneros da reportaxe e a entrevista, xéneros nos que desenvolveu maioritariamente o seu labor xornalístico Johán Carballeira. Así mesmo, teranse en conta a orixinalidade no tratamento do tema, o emprego dunha linguaxe e estilo ricos, o rigor e a calidade técnica do traballo.

5. PARTICIPANTES

- Considéranse participantes as persoas físicas que concorran nas condicións establecidas nestas bases.

6. EMISIÓN E PAGAMENTO DOS PREMIOS

- A decisión do xurado, ademais de comunicarse ó gañador ou gañadora da convocatoria, anunciarase a través do taboleiro de anuncios da Sede Electrónica e na páxina web do Concello: www.concellodebueu.gal, así como nos medios de comunicación. Prevese que a entrega se produza nun acto público que se celebrará na primavera /verán de 2024, ao que terá obriga de asistir a persoa gañadora.

- O pagamento dos premios farase mediante transferencia bancaria á persoa gañadora.

7. REQUISITOS PARA A CONDICIÓ DE PARTICIPANTE

- Non poderán obter a condición de participantes as persoas en quen conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

8. OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES E DAS PREMIADAS

- As persoas participantes deberán autorizar ao Concello de Bueu a que poida comprobar que non teñen débedas coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Bueu. No caso de que as persoas que se presenten ao concurso non autoricen a comprobación destes datos, deberán achegar os certificados que acrediten que están ao día no cumprimento das citadas obrigas/ que non teñen débedas coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Bueu.

- As persoas premiadas deberán estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Bueu.

9. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

- O prazo de presentación dos orixinais será desde a publicación do extracto das bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) ata o 31 de xaneiro de 2024.



Venres, 22 de setembro de 2023

Núm. 184

- Aceptarase un só traballo por autor/a. Non poderán presentarse as persoas gañadoras das dúas últimas edicións do premio.

- A presentación dos traballos poderá facerse por calquera das dúas vías seguintes e de acordo coas instrucións que se indican:

- **EN PAPEL:** De cada traballo teñen que presentarse un orixinal e 3 copias da páxina ou páxinas completas da revista ou xornal que acolleu a súa publicación. As obras presentaranse en sobre pechado, coa indicación “XXI Premio de Xornalismo Johan Carballeira”, no seguinte enderezo: Concello de Bueu, rúa Eduardo Vincenti, nº 8, 36930 Bueu (Pontevedra). No interior do sobre, ademais dos traballos, achegarase unha folla coa seguinte información: Título do traballo, nome do/a autor/a, DNI ou pasaporte, enderezo e número de teléfono e correo electrónico. No caso de presentar un traballo publicado nun medio dixital remitirase ademais a ligazón do enderezo web no que se atopa o dito traballo. O selo que certifique a data de envío deberá de ser visible.
- **EN FORMATO DIXITAL:** mediante CD ou USB que incluírá na cuberta “XXI Premio de Xornalismo Johan Carballeira” e título da obra, nun arquivo de tratamento de texto Word, OpenOffice ou PDF. Noutro documento constará título do traballo, nome do/a autor/a, DNI ou pasaporte, enderezo, número de teléfono e correo electrónico. No caso de presentar un traballo publicado nun medio dixital remitirase ademais a ligazón do enderezo web no que se atopa o dito traballo.

10. XURADO

- O Xurado será nomeado pola Alcaldía do Concello de Bueu e a súa decisión será inapelábel.

- A composición do xurado publicarase con anterioridade á súa reunión no taboleiro de anuncios e no sitio web do Concello de Bueu.

- En caso de ausencia dalgunha persoa integrante do xurado, poderá ser substituída por outra que para o efecto designe a Alcaldía.

- O Xurado estará composto por tres persoas vinculadas ao xornalismo galego, unha delas nomeada pola asociación colaboradora “Amigos de Johan Carballeira”, e máis un/ha secretario/a que será un funcionario/a do Concello con voz pero sen voto.

11. ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

- O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo no Departamento de Cultura, nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei Xeral de Subvencións.



Venres, 22 de setembro de 2023

Núm. 184

12. PUBLICIDADE

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, mediante o extracto remitido pola BDNS, no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Bueu e no sitio web municipal. Todas as publicacións posteriores á publicación destas bases faranse no sitio web municipal www.concellodebueu.gal.

13. ACEPTACIÓN DAS BASES E PROTECCIÓN DE DATOS

- A participación no concurso implica a aceptación total das bases desta convocatoria. A súa interpretación correspóndelle exclusivamente ao xurado. As persoas que se presentan a este concurso autorizan expresamente o Concello de Bueu ao uso dos datos persoais achegados para os efectos relacionados co certame.

- De conformidade co Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais obtidos serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Bueu cuxa finalidade é a xestión do presente concurso.

Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente mediante un escrito dirixido ao Concello de Bueu a través do correo electrónico concello@concellodebueu.gal.

- O Concello de Bueu resérvase o dereito de reprodución dos traballos premiados, así como de calquera outro presentado ó certame, na forma e o medio que estime máis conveniente, aínda que incluíndo sempre o nome de cada autor/a.

14. RECURSOS

Contra o acordo da aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112 e seguintes e 124 e seguintes da LPACAP) ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo perante o correspondente xulgado de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, todo isto no prazo establecido no artigo 46 da citada lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

Isabel Quintás Juncal

Alcaldesa accidental

(Documento asinado electronicamente á marxe)

